

# INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN E XESTIÓN FORESTAL PARA GALICIA

Alberto Rojo Alboreca

UNIDADE DE XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE  
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE LUGO  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Unidade de Xestión Forestal Sostible  
(UXFS)

Escuela Politécnica Superior (USC)  
Campus universitario s/n.  
27002 Lugo (España)  
Tel.: 34 982823221/222  
Fax.: 34 982285926  
<http://www.usc.es/uxfs/>



UNIÓN EUROPEA  
FONDO EUROPEO DE  
DESARROLLO REGIONAL  
*"Una manera de hacer Europa"*



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Grupo de Referencia Competitiva del SUG 2006- 2009 y 2011- 2013. Ayuda concedida por la Consellería de Cultura, Educación e O.U. (Xunta de Galicia) y cofinanciada con fondos FEDER


## XORNADA DE CLAUSURA PROXECTO XES\*SILVAE

5 de xuño de 2012

Museo Pedagógico de Galicia, Santiago de Compostela



xes\*silvae  
XESTIÓN  
FORESTAL  
TRANSFRONTEIRIZA



PROGRAMA  
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA  
ESPAÑA ~ PORTUGAL  
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA  
2007 - 2013



UNIÓN EUROPEA  
FEDER  
Invertimos en su futuro



XUNTA  
DE GALICIA

# Proxecto de Lei de Montes de Galicia

## Capítulo II

### Da ordenación e xestión de montes

#### *Artigo 78. Das instrucións xerais para a ordenación de montes e as súas categorías*

1. O Consello da Xunta, oído o Consello Forestal de Galicia, aprobará mediante decreto, as instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia, que poderán ser obxecto de desenvolvemento mediante resolución do órgano forestal.
2. As instrucións xerais conterán os principios reitores, criterios e requisitos que deberán cumprir todos os instrumentos de ordenación e xestión nos montes situados na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco da xestión forestal sostible.
3. A estrutura, contidos mínimos dos instrumentos de ordenación e xestión forestal, axustaranse ás instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia.

# Proxecto de Lei de Montes de Galicia

## Capítulo II

### Da ordenación e xestión de montes

#### *Artigo 79. Dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal: categorías*

1. Os instrumentos de ordenación ou xestión forestal terán en conta as previsións contidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e no planeamento contra incendios forestais, así mesmo as indicacións dos PORF no ámbito territorial no que se atope o monte, de acordo aos criterios establecidos nas instrucións xerais de ordenación dos montes de Galicia.

## ***Artigo 79. Dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal: categorías***

2. Os instrumentos de ordenación e xestión forestal elaborados para os montes do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán corresponderse con algunha das seguintes categorías:
  - a. **Proxecto de ordenación:** instrumento de ordenación forestal que sintetiza a organización do aproveitamento sostible dos recursos forestais, madeirables e non madeirables, nun monte ou grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á selvicultura a aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas, co obxectivo de obter unha organización estable dos distintos usos e servizos do monte.
  - b. **Documento simple de xestión:** instrumento de xestión forestal que planifica as melloras e aproveitamentos dos recursos forestais, madeirables e non madeirables, garantindo unha xestión forestal sostible, da superficie dunha mesma propiedade, sen que ningún couto redondo supere as 25 hectáreas.
  - c. **Documento compartido de xestión:** instrumento de xestión forestal, de iniciativa privada para un conxunto de propietarios, onde ningunha superficie dunha mesma propiedade supere as 25 hectáreas en couto redondo, que debe incluír uns referentes de boas prácticas, unha planificación simple dos aproveitamentos dos recursos forestais, madeirables e non madeirables, e modelos silvícolas para os principais tipos de masa, de obrigado cumprimento, para os terreos forestais adscritos no mesmo.

# LEY DE MONTES

(estatal)

Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes

Ley 10/2006, de 28 de abril, por la que se modifica la Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes

## ***Artículo 32. La Gestión Forestal Sostenible. Directrices básicas comunes para la ordenación y el aprovechamiento de montes***

2. El Gobierno (...) aprobará las directrices básicas comunes de ordenación y aprovechamiento de montes, en relación con los siguientes aspectos:
  - ✓ La adaptación a los montes españoles de los criterios e indicadores de sostenibilidad, su evaluación y seguimiento, de conformidad con los criterios establecidos en resoluciones internacionales y convenios en los que España sea parte y, en particular, los requeridos para los montes incluidos en la Red Natura 2000.
  - ✓ El contenido mínimo de las instrucciones de ordenación y aprovechamiento de montes, para garantizar su gestión sostenible.
  
3. Corresponde a las CCAA la aprobación de las instrucciones de ordenación y aprovechamiento de montes.

# LEY DE MONTES

(estatal)

## ***Artículo 33. Proyectos de ordenación de montes y planes dasocráticos***

1. Las Administraciones publicas impulsarán técnica y económicamente la ordenación de todos los montes.
2. Los montes públicos y privados deberán contar con un proyecto de ordenación de montes, plan dasocrático u otro instrumento de gestión equivalente.  
Estarán exentos de la obligación establecida en el párrafo anterior los montes de superficie inferior al mínimo que determinarán las CCAA de acuerdo con las características de su territorio forestal.

# LEY DE MONTES

(estatal)

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA**

### ***Plazo para la ordenación de montes***

Los montes que tengan la obligación, conforme a lo dispuesto en el artículo 33, de disponer de instrumento de gestión forestal, tendrán un período de 15 años desde la entrada en vigor de esta ley para dotarse de aquél.

**2019**  
**(faltan 7 años)**

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCERA**

### ***Incentivos económicos en montes no ordenados***

Durante un plazo de 10 años desde la entrada en vigor de esta ley, los propietarios de montes no ordenados podrán acceder a los incentivos a los que se refiere el artículo 63, pudiendo ser objeto de subvención o crédito la elaboración del correspondiente instrumento de gestión forestal. Pasado dicho período se le denegará de oficio cualquier incentivo en tanto no se doten de instrumento de gestión o, en su caso, y tal como se prevé en el artículo 63.2, se incluyan en un PORF. Si durante este plazo se produce un cambio de propiedad, el plazo de 10 años para el nuevo propietario empezará a contar desde el momento de la transmisión.

**2014**  
**(faltan 2 años)**

Outono 2011

A Dirección Xeral de Montes encargou a elaboración dunha

## **PROPOSTA DE ESTRUCTURA E CONTIDO DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN OU XESTIÓN FORESTAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Equipo redactor do primeiro borrador:



**XUNTA  
DE GALICIA**

**Miguel A. Cela González**



**Rogelio González Tato**



**Alberto Rojo Alboreca**



# **PROPOSTA DE ESTRUCTURA E CONTIDO DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN OU XESTIÓN FORESTAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

## **Obxectivo xeral:**

**Propoñer uns instrumentos de ordenación ou xestión forestal máis actuais e adaptados as novas tecnoloxías, que respondan aos novos intereses da sociedade respecto ao uso múltiple e sustentable do monte e sirvan para dar soporte á crecente demanda de certificación forestal, pero que a la vez sexan o máis simples posible para que poidan ser asumidos polos propietarios de pequenas superficies e máis polas necesarias agrupacións das mesmas, así como polas comunidades de montes veciñais.**

# PROPOSTA DE ESTRUCTURA E CONTIDO DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN OU XESTIÓN FORESTAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

## Consideracións para a súa elaboración:

1. Desenvolver un documento de contidos mínimos que poida aplicarse aos tres tipos de instrumentos de ordenación ou xestión establecidos no proxecto de Lei de Montes de Galicia (proposta de estrutura conxunta para PO, DSX e DCX), que permita un escalado gradual do inventario e da planificación en función do tamaño e complexidade da superficie a ordenar, e que sexa flexible aos cambios que se produzan durante a súa vixencia.
2. Manter a estrutura clásica e o contido básico que tradicionalmente recollen os documentos de ordenación de montes, pero simplificándoo ao máximo posible, para facilitar a súa extensión á maior cantidade posible de propiedades forestais de Galicia. Así, por exemplo, actualízase e simplifícase o inventario forestal, podendo utilizarse as ferramentas silvícolas elaboradas pola Unidade de Xestión Forestal Sostible (UXFS) da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.usc.es/uxfs/>) ou outras modernas tecnoloxías (datos LIDAR, etc.), e simplifícase tamén a planificación coa consideración de modelos silvícolas orientativos preestablecidos.

# **PROPOSTA DE ESTRUCTURA E CONTIDO DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN OU XESTIÓN FORESTAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

3. Incluir no contido mínimo e común dos instrumentos de ordenación ou xestión os requirimentos comúns aos dos sistemas de certificación forestal establecidos en España (FSC e PEFC).
4. Incluir axeitadamente o disposto noutras normas legais sobre a xestión de montes, e moi especialmente o reflectido no proxecto de Lei de Montes de Galicia e na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
5. Diseñar unha estrutura que permita no futuro a elaboración sinxela dunha aplicación vía web dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal, que facilite a súa simplificación mediante:
  - ✓ A recuperación da información de fontes existentes (SixPac, Mapa Forestal, SITGA-IDEG, etc.).
  - ✓ A máxima automatización dos cálculos.
  - ✓ A inclusión de bases de datos coa información codificada.
  - ✓ Xerar automaticamente o informe que deberá presentarse á administración correspondente.
  - ✓ O seguimento das actuacións forestais por parte da Administración e do propio xestor.



# MOITAS GRAZAS!

Alberto Rojo Alboreca  
alberto.rojo@usc.es

UNIDADE DE XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE  
<http://www.usc.es/uxfs>  
Escola Politécnica Superior de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela



Unidade de Xestión Forestal Sostible  
(UXFS)

Escola Politécnica Superior (USC)  
Campus universitario s/n.  
27002 Lugo (España)  
Tel.: 34 982823221/222  
Fax.: 34 982285926  
<http://www.usc.es/uxfs/>



UNIÓN EUROPEA  
FONDO EUROPEO DE  
DESARROLLO REGIONAL

"Una manera de hacer Europa"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Grupo de Referencia Competitiva del SUG 2006- 2009 y 2011- 2013. Ayuda concedida por la Consellería de Cultura, Educación e O.U. (Xunta de Galicia) y cofinanciada con fondos FEDER



xes\* silvae  
XESTIÓN  
FORESTAL  
TRANSFRONTEIRIZA



PROGRAMA  
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA  
ESPAÑA ~ PORTUGAL  
COOPERACÃO TRANSFRONTEIRIZA  
2007 - 2013



UNIÓN EUROPEA  
FEDER  
Invertimos en su futuro



XUNTA  
DE GALICIA